



PAZOS E MOSTEIROS EN «OS CAMIÑOS DA VIDA»

Beatriz Lorenzo
Debuxos: **Luís cid**


1. INTRODUCCIÓN:

1.1. CONTEXTO HISTÓRICO SOCIAL

En Galicia, o século XIX representou para o Antigo Réxime o desenrolo dunha enfermidade mortal que se viñera xestando dende que as ideas liberais penetraran en moitas conciencias con motivo da Revolución Francesa, a decadencia do sistema tradicional, ilustrado e centralizado baixo a administración borbónica avanzou paulatinamente ó longo do século sendo unha das súas consecuencias o esmorecemento definitivo do poderio dos feudos, dos grandes “señores da terra” que se viron substituídos por unha emerxente burguesía (tendeiros, comerciantes...) eminentemente foránea e asentada nas vilas e cidades. Pero non foron estas unhas transformacións illa-

das, senón que se deron paralelamente ó desenrolo das guerras carlistas, longos preitos dinásticos que apuñan unha disyuntiva entre a instauración dun novo goberno liberal (isabelismo), acorde coas ideas e intereses da nova burguesía e o retorno ó Antigo Réxime (carlismo) visto con bos ollos pola fidalguía rural e pola maior parte do clero regular, que vía ameazado o seu estatus socioeconómico pola desamortización eclesiástica.

Nestas coordenadas sitúa Otero Pedrayo *Os camiños da vida*, unha novela que narra (e aquí saenos o Otero historiador) uns acontecementos enmarcados no decorrer despacioso dun século, dende a época da Desamortización de Mendizábal en 1837 (cap 1º) ata as vésperas da Revolución “Gloriosa” de 1868 (cap final).



O mesmo Otero afirmou que en *Os camiños da vida* intentara “trazar as escuras correntes dominantes no século dezanove galego baixo a fronda dunha fábula familiar”¹; é, a dicires de Ramón Marino Paz, “un ensaio novelado sobre a historia moderna de Galicia”², unha historia que, pola súa traxectoria, ideoloxía e raíces familiares, afectaba e interesaba especialmente ó propio Otero.

Cómpre agora intentar encadra-lo papel dos pazos e mosteiros na ideoloxía oteriana, definida por X.R. Quintana e M. Valcárcel como “nacionalismo tradicionalista”³; O de nacionalismo está ben claro, basta con botar unha ollada á relación de Otero co galeguismo nacionalista da época (As Irmandades da

Fala, Nós, a colaboración cos membros do Seminario de Estudos Galegos, o seu cargo como deputado do Partido Galeguista...), e este nacionalismo traía consigo un dobre afán; dignificar e europeiza-la cultura galega, tirándoa do seu papel excesivamente ruralista e fraternizándoa co resto das nacións da antiga comunidade celta, aspecto este de importancia que tratarei ó falar do mosteiro de Oseira.


En canto ó “tradicionalismo” de Otero, este ven quizais determinado polas súas raíces familiares (proviña dunha familia fidalga vida a menos), e pola súa actitude nostálgica e simpatizante coa “economía natural”, ese pacífico enfiado de relacións económicas e de vasalaxe entre señor e labregos (temos un bosquejo desta visión arcádica nos comezos da primeira parte de *Os camiños...*) que eran para el infinitamente menores cá economía capitalista que comezou a imperar trala caída do Antigo Réxime.

2. Os Pazos: o Pazo da Seara e o Pazo da Pedreira

Otero introduce múltiples elementos autobiográficos na novela, a mesma aldea, Trasouto, está claramente identificada co lugar onde a familia do escritor pasaba grandes tempadas: a aldea dos Chaos de Amoeiro na parroquia ourensá de Trasalba; polo mesmo, tense barallado a hipótese de seren os dous pazos da novela os mesmos que existen actualmente en Trasalba: o pozo de Gaión, propiedade da familia de Otero por herencia da nai, dona Eladia Pedrayo, viría a se-lo Pazo da Pedreira, mentras que o outro pazo (compre sinalar que un dos seus habitantes tivo, na vida real, antecedentes delictivos, o cal coincide coa caracterización do morgado e de Farruco Doncos) corresponderíase co Pazo da Seara.

Sexa como for, os dous pazos teñen un papel moi importante no novela, en canto que exemplifican, xunto coa evolución dos seus habitantes, a decadencia progresiva e imparable do vivir fidalgo.

1. R. OTERO PEDRAYO “Morte e Resurrección”, *Obras selectas. Ensaíos*. Galaxia, Vigo, 1983.
2. R. MARIÑO PAZ “Introducción a *Os camiños da vida*” en *Os camiños da vida*. Galaxia, Vigo, 1983.
3. X.R. QUINTANA e M. VALCÁRCEL “*Ramón Otero Pedrayo, vida, obra e pensamento*”. Ir Indo, Vigo, 1988



**“... Un dos mellores daquelas xurisdiciós.
O corpo da casa ergueito en fina canteiría, obra limpa
dos barrocos do dezasete.”**

Dese modo, no principio da novela, preséntanse os pazos como poderosas fortificacións, fructíferas, enxertadas na terra, perfectamente integradas nese entorno harmónico que Otero describe dende unha óptica panteísta. Vexamos a presentación do dos Doncos.

“... Un dos mellores daquelas xurisdiciós. O corpo da casa ergueito en fina canteiría, obra limpa dos barrocos do dezasete, soilo se franqueaba os camiños pola grande fachada composta de capela barroca lindante (...) Polo sul e poente o pazo prantado coma un señor dominaba a larganza das millores terras do seu patrimonio”.

Vexamos agora a do Pazo da Pedreira:

“O Pazo franqueaba o camiño, un grande portal coa data da feitura na lumieira (...) Grande curro cinguido de cortes e cortellos coa solaina da casa ó fon-

do (...) dando ó xardín unha solaina de pedra lindamente traballada, que recollía o latexar do descuberto hourizonte...”

Vemos en ambalas dúas descripcións como se resalta o poderío e a grandeza das propias construcións, a esto debemos engadir as múltiples referencias ás herdades, lameiros etc, que nos dan idea da fartura de terras que se estende polos arredores, propiedade dos señores e traballadas polos campesiños ó longo dunha tradición que ven de antigo. Hai tamén referencias á autonomía do pazo, que “vivía por si”, posuidor dunha riqueza que espertaba a envexa da pequena burguesía urbana, que aínda non coñecera a súa época de medre e prosperidades

“Gracias as sabias disposicións e costumes dos antergos as cousas ficaban facerse de por si, por unha vontade natural. O pazo antigo podía gardar un farto isolamento. Só algunhas viaxatas á cidade con



“O Pazo franqueaba o camiño, un grande portal coa data da feitura na lumieira (...) Grande curro cinguido de cortes e cortellos coa solaina da casa ó fondo (...) dando ó xardín unha solaina de pedra lindamente traballada, que recollía o latexar do descuberto hourizonte...”

cabalos e bestas chamaban a atención e a envexa dos burgueses polo gasto desacostumado no humilde desenvolvemento das castes de tendeiros e funcionarios”.

Ademais, non faltan as alusións a ostentosa decoración dos pazos, sobre todo no caso do Pazo da Seara: cheminea barroca, imponente balcón, pinturas exóticas... (compre fixármonos na imponente biblioteca, chea de volumes non abertos en moito tempo, aspecto iste, que nos dá xa idea da deixadez e falla de inquietudes culturais dos habitantes do pazo).

Así pois, no primeiro capítulo, ambos pazos caracterízanse pola súa fartura, riqueza e grandeza, menos visible no pazo da Pedreira que no da Seara, tratado este último como unha especie de imponente matriz que rexe e posibilita o que acontece arredor de si.

Sen embargo, esta etapa de boanza, este ocase aínda dourado da primixenia idade de ouro que foi o Barroco, esmorece co nacemento e consolidación do Estado Moderno, e Otero dános fe delo o pasar das florecentes descripcións das primeiras páxinas a outras nas que se nos presenta a progresiva decadencia dos pazos, botando man da técnica de contraste tan utilizada ó longo da novela, no so na ambientación dos espazos senón tamén na caracterización dos personaxes.

Exemplo claro desta técnica témolo no capítulo VII da primeira parte, onde vemos que o Pazo da Pedreira pasou de ser unha casa próspera e ben administrada (nos primeiros tempos) polas mans hábiles de Misia Vicenta e Misia Ramona, a ser un lugar lógobre e frío no que escasean, os cartos para pagarlle ó recador (clara mostra da consolidación e crecente



poderío do Estado Moderno), e falta, incluso, comida para a Ramonciña, namentras don Xosé María, borrachín, gasta os cartos e as herdades na casa da Burata.

Semellante sorte corre a casa dos Doncos, que, no capítulo IV da segunda parte, é xa un antro suxo e desorganizado, gobernado pola cobiza da Tutana e onde don Caetano é maltratado e ridiculizado.

Cabe aquí falar, pois, do papel que os propios habitantes dos pazos teñen na decadencia destes. Otero preséntanos a unha fidalguía corrompida, desinteresada pola cultura e pola tradición dos antergos, descoidada a administración das súas terras mentras, na cidade, medra unha burguesía corrupta e sen escrúpulos. Xa dende os primeiros capítulos, os Doncos presentánsenos como unha ralea de amorais preguizosos (pensemos na nugalla de D. Caetano, que non sabe administra-lo pazo, non ten intereses culturais e gasta as onzas nas partidas carlistas, menos por ideoloxía que por influencias de D. Xacobe..., pensemos no morgado, cobizoso e amoral, no Farruco, que chega a converterse nun asasino, e nos fillos menores, que non demostran ter moito menor siso en ningún momento).

Pero tamén o pazo da Pedreira, cun don Xosé María mellor caracterizado, sofre as consecuencias do mal-facer dun fidalgo devorado polos propios vicios e debilidades. Temos pois, en estreita relación coa evolución dos pazos, o tema da fidalguía inútil, viciosa e decadente, que se deixa vencer pola cobiza dos tendeiros e comerciantes das cidades, contribuíndo así á perda do seu propio patrimonio, as herdades e os pazos: símbolo do poderío feudal.

Por último, aparece tamén a figura do que para Otero era un fidalgo ideal: Paio Soutelo; culto, con estudos, consciente do seu papel na rexeneración da casta, que escolle enraizarse na terra e asumí-la súa función de salvagarda-lo pazo e con el a tradición, Paio Soutelo é, a dicires de Ramón Villares prototipo do que foi o propio Otero, descendente de fidalgos que toma conciencia da súa responsabilidade da postración de Galicia e contribúe cuns postulados nacionalistas e rexeneradores.

En resume, mentras o pazo da Seara sucumbe pola negligencia, incapacidade e vicios dos seus donos,

o pazo da Pedreira rexenérase da man dun ahistórico fidalgo ideal, tras ser preservado pola man da Ramonciña, muller capaz, forte, determinada, abnegada que tanto contrasta co papel considerado ideal para as fidalgas da época (papel adoptado por Misia Chinta): mulleres fermosas, mainiñas, mimosas, débiles e virtuosas, tan incapaces como os seus dexenerados maridos de preserva-lo seu pazo e a súa dignidade.

Así pois, a Ramona, a típica muller fidalga, é outro elemento de importancia na conservación do pazo, banzo intermedio entre a desidia de don Xosé María e a perfección fidalga de Paio; nomeemos como anécdota de que existe tamén unha hipótese de que o persoaxe da Ramona podería estar baseado na nai ou avoa de Otero, mulleres ambas que rexeron a casa trala prematura morte dos seus homes.

3. OS MOSTEIROS. OSEIRA E O PRIORATO DA GRANXA.

A presenza dos mosteiros na novela está fortemente vencellada a un feito de grande transcendencia no século: a Desamortización Eclesiástica de Mendizábal, levada a cabo en 1837, que privou o clero regular dos *bens de mans mortas* que viñeran posuíndo ata daquela. Estes bens, que se puxeron á venda, non puideron ser adquiridos polos campesiños, que carecían dos medios económicos necesarios, e tampouco foron adquiridos pola fidalguía senón que pasaron ás mans dos novos burgueses. O tema da exclaustación foi tratado por Otero noutras obras súas, expresando así o seu punto de vista contrario ó feito:

“A vida aldeá en Galicia rexíase ó sonido da campá monástico e non gañou nada coa desamortización. Seguiu o relativo latifundismo, as terras e as rendas pasaron a mans de seglares aínda máis indiferentes...” (Otero Pedrayo, Ensaio Histórico sobre a cultura galega Galaxia, Vigo, 1982).

A desamortización, pois, é vista tamén en *Os camiños...* como algo negativo para a sociedade e, sobre todo, para a cultura galega, que tiña os seus máis importantes tesouros agochados nas bibliotecas dos mosteiros, perdidos agora nas mans de persoas incapaces de valoralos.



Na novela, a desamortización faise especialmente dramática e patente en relación ó mosteiro de Oseira, visto como un maxestoso foco de sabiduría e pervivencia da tradición, e este dramatismo, esta sensación de expolio é maior, se cabe, trala relación que se fai entre os orixes do citado pazo e a tradición céltica de Galicia, esa fantástica historia contada polo exclaustro (capítulo VI da primeira parte) que tanto ten que ver co Atlantismo de Otero e do grupo Nós en xeral (recordemos a importante cabida que tiveron na revista *Nós* escritores de países como Portugal, Irlanda, Bretaña ... nun afán por reconstruí-la antiga comunidade celta, ademais de algúns artigos referentes o tema).

“O celtismo entra de novo, c’unha arela trocada en realidade (...) Chegou a hora da redenzón dos pobos célticos. Galiza ten que se dacatare ben d’isto (...) ¡Irlandeses, os irmáns galegos vos saúdan...! (Texto aparecido en *A Nosa Terra* nº153, 15, Nadal 1921).

Volvendo ó tema da exclaustro, compre sinalala presenza da figura do exclaustro, personaxe peculiar da realidade do século, da que temos dous tipos: a) sumido na nostalxia do pasado, fóra do mundo (o exclaustro de Oseira), b) non resignado coa súa sorte e tratando de recupera-lo poder económico uníndose as partidas carlistas (o frade de San Clodio).

Así pois, a presenza dos mosteiros en *Os camiños da vida* dános fe, sobre todo, do tema clave da novela: o inexorable derrubamento do Antigo Réxime, mosteiros e pazos, as pezas mestras -relixiosa e leiga- deste período, perden poderío fronte as novas ideas liberais, aínda que, mentras que os primeiros fano por causas alleas -a Desamortización-, estoutros sucumben en boa parte pola desidia dunha fidalguía corrupta (vemos incluso como o morgado delinque no Priorito da Granxa para conseguir carros).

Os mosteiros son, pois xunto cos pazos, os últimos vestixios dunha idade de ouro, máis significados que aqueles nas súas descripcións e caracterizacións (vexamos por exemplo que o exclaustro está caracterizado positivamente, en contraste co representante de clero secular, don Xacobe, máis en relación cos fidalgos).

EPÍLOGO: OS CAMIÑOS DA VIDA; UNHA NOVELA DE ESCENARIO OURENSÁ

Os Pazos e os Mosteiros hoxe.

O Otero xeógrafo maniféstasenos na minuciosa exactitude con que se recrean lugares e escenarios reais, en perfecta consoancia coa época e as circunstancias que os envolven; Otero, centrándose na parroquia de Trasalba, fainos recorrer nos lugares que constitúen un claro trasunto da realidade extranovelesca: A serra do Suido, Ribadavia, Leiro, Maside, Amoeiro, Faro de Avión, A Martiñá, Oseira...

Lugares, que, se cabe, fan máis verosímil a acción que, ademais de remitirse a lugares tan distantes como Irlanda, e outros que o son menos coma Santiago ou Baiona, transcorre case na súa totalidade en letras ourensás, perfectamente identificables en calquer mapa, contrastando a beleza maxistralmente retratada do medio rural coa logobridade e ambiente insán da cidade -daquela vila- de Ourense que se presenta como o antro no que a nova burguesía comercial tece os seus fíos de débedas, cobros e pagamentos que poñen en ameaza o tranquilo decorrer dunha economía natural nun ambiente idílico.

En resume, unha novela que (como *O porco de pé* de Risco, *A Esmorga* de Blanco Amor ou *Ilusísima* de Casares) centra a súa acción no escenario xa case mítico don Ourense que aquí se manifesta tanto na súa vertente urbana coma rural.